Dadas as características da obra proxectada, adxúntase táboa de estimación de residuos susceptibles de ser xerados durante a súa execución e que deberan ser considerados, como mínimo e tendo en conta o mencionado no punto 2, no correspondente Plan de Xestión de Residuos por parte do construtor.

Considerase que parte dos materiais da escavación poderán ser empregados como explanación ou recheo e que o total dos firmes demolidos ou fresados non terán aproveitamento na obra.

		RESIDUOS XERADOS	
Código	Descrición	t	m <sup>3</sup>
<b>8</b>	<b>Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización de revestimentos, adhesivos, selantes e tintas de impresión.</b>		
08 01 11*	Residuos de pintura e verniz que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas.	0,00	0,00
08 01 12	Residuos de pintura e verniz distintos dos especificados en 08 01 11.	0,00	0,00
08 04 09*	Residuos de adhesivos e selantes que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas.	0,00	0,00
08 04 10	Residuos de adhesivos e selantes distintos dos especificados en 08 04 09.	0,00	0,00
<b>15</b>	<b>Residuos da envases, absorbentes, trapos de limpeza, materiais de filtración e roupas de protección non especificados noutra categoría.</b>		
15 01 01	Envases de papel e cartón.	0,13	0,17
15 01 02	Envases plástico.	0,02	0,02
15 01 03	Envases de madeira.	0,00	0,00
15 01 04	Envases metálicos.	0,02	0,01
15 01 07	Envases de vidro.	0,00	0,00
15 02 02*	Absorbentes, materiais de filtración, trapos de limpeza e roupas protectoras.	0,00	0,00
<b>17</b>	<b>Residuos da construción e demolición (incluída a terra escavada das zonas contaminadas)</b>		
17 01 01	Formigón.	0,52	0,24
17 01 02	Ladrillos.	0,00	0,00
17 01 03	Texas e materiais cerámicos.	0,00	0,00
17 01 06*	Mesturas ou fraccións separadas de formigón, ladrillos, tellas e materiais cerámicos que conteñen substancias perigosas.	0,00	0,00
17 02 01	Madeira.	0,00	0,00
17 02 02	Vidro.	0,00	0,00
17 02 03	Plástico.	0,01	0,02
17 02 04*	Vidro, plástico e madeira que conteñen substancias perigosas ou están contaminados por elas.	0,00	0,00
17 03 01*	Mesturas bituminosas que conteñen alcatrán de hulla.	0,00	0,00
17 03 02	Mesturas bituminosas distintas das especificadas en 17 03 01.	0,67	0,29
17 03 03*	Alcatrán de hulla e produtos alcatranados.	0,00	0,00
17 04 01	Cobre, bronce, latón.	0,00	0,00
17 04 02	Aluminio.	0,00	0,00
17 04 03	Chumbo.	0,00	0,00
17 04 04	Cinc.	0,00	0,00
17 04 05	Ferro e aceiro.	0,02	0,01
17 04 06	Estáño.	0,00	0,00
17 04 07	Metais mesturados.	0,00	0,00
17 04 09*	Residuos metálicos contaminados por substancias perigosas.	0,00	0,00
17 04 10*	Cables que conteñen hidrocarburos, alcatrán de hulla ou outras substancias perigosas.	0,00	0,00
17 04 11	Cables distintos dos especificados en 17 04 10.	0,00	0,00
17 05 03*	Terra e pedras que conteñen substancias perigosas.	0,00	0,00
17 05 04	Terra e pedras distintas das especificadas no código 17 05 03.	1,40	0,78
17 06 01*	Materiais de illamento que conteñen amianto.	0,00	0,00
17 06 03*	Outros materiais de illamento que consisten en, ou conteñen, substancias perigosas.	0,00	0,00
17 06 04	Materiais de illamento distintos dos especificados en 17 06 01 e 17 06 03.	0,00	0,00
17 06 05*	Materiais de construción que conteñen amianto (6).	0,00	0,00
17 08 01*	Materiais a partir de xeso contaminado con substancias perigosas.	0,00	0,00
17 08 02	Materiais a partir de xeso distintos dos especificados en 17 08 01.	0,00	0,00
17 09 01*	Residuos de construción e demolición conteñen mercurio.	0,00	0,00
17 09 02	Residuos de construción e demolición que conteñen PCB (por exemplo selantes con PCB, revestimentos de chans a partir de resinas con PCB, acristalamentos dobres que conteñen PCB, condensadores que conteñen PCB).	0,00	0,00
17 09 03*	Outros residuos de construción e demolición (incluídos os residuos mesturados) que conteñen substancias perigosas.	0,00	0,00
17 09 04	Residuos mesturados da construción e a demolición distintos dos especificados en 17 09 01, 17 09 02 e 17 09 03.	347,82	231,88

## 9.-PRESUPUESTO E DESTINO DE RESIDUOS.

O custo do transporte e do correspondente canon de vertedoiro das unidades susceptibles de xeración de residuos atópanse incluídos na valoración que de cada unha delas se realizou no presuposto principal. Neste apartado só se considera o custo estimativo da xestión daqueles que requiren un tratamento previo antes da súa eliminación.

O presuposto destinado para a xestión de residuos ascende a cantidade de 371,11 € e encontrase valorado como partida independente no orzamento do presente proxecto.

No valor proposto, inclúese ademais a xestión daqueles residuos non considerados explicitamente neste anexo e ós que fai referencia o apartado 2.

Os residuos xerados deberán ser entregados a xestor autorizado, sendo viable o acordo para a súa xestión con outras empresas a actividade das cales xera un maior volume de residuos e que estean operativas actualmente nas proximidades.

**ANEXO N° 8**  
**PROGRAMA DE TRABAJO**

**OBRA:** MODIFICADO REPARACION CAMINO AGRO DO MUIÑO (ORTOÑO) E OUTROS  
**CONCELLO DE AMES**

**PROGRAMA DE TRABALO**

CLASES DE OBRA	MESES						IMPORTE
	1	2	3	4	5	6	
REPLANTEO E PREPARACION							0,00
MOVEMENTO DE TERRAS							2.109,61
SUPERESTRUTURA							11.867,97
CAPA DE RODAXE							21.792,63
SINALIZACION, VARIOS E REMATES							4.496,58
SEGURIDADE E SAUDE-X. RESIDUOS							534,36
IMPORTE	6'16,46	1.143,87	16.116,54	7.353,27	7.353,27	8.217,74	40.801,15
ACUMULADO	6'16,46	1.760,33	17.876,87	25.230,14	32.583,41	40.801,15	40.801,15

AMES, marzo 2016


NOTA: Os importes especificanse a prezos de execución por contrata

  
 Asda Julie C. Rojo Martínez

## ***PLANOS***

A detailed map of Galicia, Spain, showing its four provinces: Ferrol, Lugo, Pontevedra, and Santiago de Compostela. The map includes a compass rose in the top left corner, indicating North (N). The Atlantic Ocean (OCEANO ATLANTICO) is shown to the west and south. The map is divided into numerous municipalities, each labeled with its name. The provinces are labeled as FERROL, PROVINCIA DE LUGO, PROVINCIA DE PONTEVEDRA, and SANTIAGO. The map also shows the coastline and the location of the capital, Santiago de Compostela, which is marked with a cross.





 **ESTUDIO  
TECNICO  
GALLEGO, S.A.**  
Ref.: Repar. camiño Agro do Muíño

Concello de Ames	
Reparación camiño Agro do Muíño (Ortoño) e outros	
EMPRAZAMENTO	


Data	Marzo 2016
Escala	1:10.000
Nº	2.1

Enxeñeiro de Camiños  
  
Fdo. Julio C. Rolo Martínez  
col. 3.071










 <div>ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.</div>	Concello de Ames		Data Marzo 2016	 <div>Enxeñeiro de Camiños</div>
	Reparación camiño Agro do Muíño (Ortoño) e outros		Escala 1:2.500	
	TRAZAS		Nº 3.1	
Ref.: Repar. camiño Agro do Muíño				





 <b>ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.</b> <small>Ref.: Repar. camiño Agro do Muño</small>	Concello de Ames		Data Marzo 2016	 <b>Enxeñeiro de Camiños</b> <small>col. 3.671</small>
	Reparación camiño Agro do Muño (Ortoño) e outros		Escala 1:2.500	
	TRAZAS		Nº 3.2	






PAVIMENTACIÓN



**ESTUDIO  
TECNICO  
GALLEGO, S.A.**


Ref.: Repar. camiño Agro do Muíño

Concello de Ames	Data Marzo 2016	 Enxeñeiro de Camiños cál. 2.871
Reparación camiño Agro do Muíño (Ortoño) e outros	Escala 1:1.000	
TRAZAS	Nº 3.3	





### SECCION TIPO FORMIGÓN



# ***PREGO DE CONDICIÓN***

## **ÍNDICE XERAL**

### **CAPÍTULO 1. DISPOSICIÓNS XERAIS**

- 1.1 OBXECTO DO PREGO
- 1.2 DESCRIPCIÓN DAS OBRAS
- 1.3 ALCANCE
- 1.4 DOCUMENTOS QUE DEFINEN A OBRA
- 1.5 CONTRADICCIÓNS, OMISIÓNS E ERROS
- 1.6 DISPOSICIÓNS DE CARÁCTER XERAL E PARTICULAR

### **CAPÍTULO 2. CONDICIÓNS QUE DEBEN CUMPRIR OS MATERIAIS**

- 2.1 RECEPCIÓN DE MATERIAIS
- 2.2 CONDICIÓNS PARA OS MATERIAIS
  - 2.2.1. Materiais básicos
  - 2.2.2. Tubos de formigón en masa

### **CAPÍTULO 3. CONDICIÓNS QUE DEBEN CUMPRIR AS UNIDADES DE OBRA BÁSICAS**

- 3.1 OBRAS DE FORMIGÓN EN MASA OU ARMADO
  - 3.1.1. Definicións
  - 3.1.2. Normativa técnica
  - 3.1.3. Materiais
  - 3.1.4. Fabricación, execución e posta en obra
  - 3.1.5. Tolerancias
  - 3.1.6. Reparación de defectos
  - 3.1.7. Control de calidade
- 3.2 DESBROCE E LIMPEZA DO TERREO
  - 3.2.1. Execución das obras
  - 3.2.2. Control e criterios de aceptación e rexeito
- 3.3 ESCAVACION DA EXPLANACION E PRESTAMOS
  - 3.3.1. Condicións de execución das obras
  - 3.3.2. Control e criterio de aceptación ou rexeito
- 3.4 ESCAVACIÓNS PARA OBRAS DE FÁBRICA
  - 3.4.1. Execución das obras
  - 3.4.2. Control e criterio de aceptación e rexeito
- 3.5 TERRAPLÉNS
  - 3.5.1. Materiais.
  - 3.5.2. Execución das obras
  - 3.5.3. Control e criterios de aceptación e rexeito
- 3.6 SUBBASES GRANULARES



- 3.6.1. Materiais
- 3.6.2. Execución das obras.
- 3.6.3. Control e criterios de aceptación e rexeito
- 3.7 BASES DE ZAHORRA ARTIFICIAL
  - 3.7.1. Materiais
  - 3.7.2. Execución das obras
  - 3.7.3. Control e criterio de aceptación e rexeito
- 3.8 MACADAM
  - 3.8.1. Materiais
  - 3.8.2. Execución das obras
  - 3.8.3. Control e criterios de aceptación e rexeito
- 3.9 TRATAMENTOS SUPERFICIAIS
  - 3.9.1. Materiais
  - 3.9.2. Execución das obras
  - 3.9.3. Control e criterios de aceptación e rexeito
- 3.10 MESTURAS BITUMINOSAS EN FRÍO
  - 3.10.1. Materiais
  - 3.10.2. Execución das obras
- 3.11 MESTURAS BITUMINOSAS
  - 3.11.1. Materiais
  - 3.11.2. Execución das obras.
  - 3.11.3. Control e criterios de aceptación e rexeito
  - 3.11.4. Rego de adherencia en mestura
  - 3.11.5. Rego de imprimación
- 3.12 PEZAS PREFABRICADAS DE FORMIGÓN
  - 3.12.1. Materiais
  - 3.12.2. Execución das obras
  - 3.12.3. Control e criterios de aceptación e rexeito

#### **CAPÍTULO 4. DESENROLO E CONTROL DAS OBRAS**

- 4.1 ACCESO ÁS OBRAS
- 4.2 ACCESO ÓS TALLOS
- 4.3 INSTALACIÓNS AUXILIARES DE OBRA E OBRAS AUXILIARES.
- 4.4 MAQUINARIA E MEDIOS AUXILIARES
- 4.5 ALMACENAMENTO DOS MATERIAIS
- 4.6 ACOPIO DE MATERIAIS
- 4.7 CONTROL DE CALIDADE
- 4.8 OBRAS DEFECTUOSAS OU MAL EXECUTADAS
- 4.9 TRABALLOS AUTORIZADOS
- 4.10 CONSERVACIÓN DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS

#### **CAPÍTULO 5. MEDICIÓN E ABONO DAS OBRAS**

- 5.1 DISPOSICIÓN XERAIS
- 5.2 ESCAVACIÓN
- 5.3 RECHEOS
- 5.4 SUB-BASES E BASES GRANULARES
- 5.5 MESTURAS ASFÁLTICAS
- 5.6 FORMIGÓN
- 5.7 ACEIROS
- 5.8 TUBOS
- 5.9 PEZAS PREFABRICADAS DE FORMIGÓN

## **CAPÍTULO 6. OUTRAS DISPOSICIÓN**

- 6.1 MEDIDAS DE SEGURIDADE
- 6.2 RESCISIÓN DO CONTRATO
- 6.3 PRAZO PARA COMEZAR AS OBRAS
- 6.4 PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS
- 6.5 PROGRAMA DE TRABALLO
- 6.6 PROBAS QUE DEBEN EFECTUARSE ANTES DAS RECEPCIÓN
- 6.7 RECEPCIÓN DAS OBRAS
- 6.8 PRAZO DE GARANTÍA
- 6.9 PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN
- 6.10 GASTOS POR CONTA DO CONTRATISTA

## **CAPÍTULO 1. DISPOSICIÓN XERAIS**

### **1.1 OXETO DO PREGO.**

O presente PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES, no sucesivo PCTP, ten por obxecto o fixa-las condicións técnicas e económicas que deben cumprí-los materiais e as unidades de obra descritas nos documentos de que consta o presente Proxecto.

### **1.2 DESCRIPCIÓN DAS OBRAS.**

As obras as que fai referencia este Prego encóntranse perfectamente descritas no correspondente apartado da Memoria do presente Proxecto, polo que non se inclúen de novo ó fin de evitar a redundancia na información.

### **1.3 ALCANCE.**

En tódolos artigos do presente PCTP entenderase que o seu contido rexe para as materias que expresan os seus títulos, en canto non se opoñan ó establecido na lexislación vixente.

As unidades de obra que non se inclúan e sinalado especificamente neste PCTP, executaranse de acordo co establecido nas normas e instrucións técnicas en vigor que sexan aplicables a ditas unidades, co sancionado pola cume como regras de boa práctica na construción e coas indicacións que, sobre o particular, sinala o Director de Obra.

Queda establecido que toda condición estipulada nun capítulo é preceptiva en tódolos demais.

### **1.4 DOCUMENTOS QUE DEFINEN A OBRA.**

Os documentos que definen a obra e que teñen carácter contractual son os seguintes:

- Planos.
- PCTG e PCTP.
- Cadros de presos.

Polo termo de planos enténdese:

- Os planos do proxecto.
- Os planos que oficialmente entregue o Director de Obra ó Contratista.
- As modificacións dos planos anteriores, polas circunstancias das obras.
- Tódolos debuxos, croquis que entregue o Director de Obra ó Contratista para unha mellor definición das obras a executar.
- Tódolos planos, debuxos, croquis e instrucións que, sendo subministrados polo Contratista, sexan expresamente aprobados polo Director de Obra.

As obras construíranse, con estricte suxeición ós planos sen que o Contratista poida introducir ningunha modificación que non sexa previamente aprobada polo Director de Obra.

### **1.5 CONTRADICCIÓNS, OMISIÓN E ERROS.**

En caso de contradicción entre os planos e o PCTP, prevalecerá o disposto neste último e ambos documentos prevalecerán sobre PCTX.

O mencionado no PCTP e omitido nos planos, ou viceversa haberá de ser executado como se estivese exposto en ambos documentos, sempre que, a xuízo do Director de Obra, quede suficientemente definida a unidade de obra correspondente e esta teña prezo no proxecto.

As contradicións, omisións e erros que se advirtan nestes documentos polo Director de Obra ou o Contratista, antes da iniciación da obra, deberán reflectirse no acta de Comprobación do Replanteo co súa posible solución.

As omisións nos planos e no PCTP ou as descrições erróneas dos detalles constructivos de elementos indispensables para o bo funcionamento e aspecto das obras, de acordo cos criterios expostos en ditos documentos e que, por uso e costume deban ser realizados, non só non eximen ó Contratista da obriga de executar estes detalles de obra omitidos ou erroneamente descritos senón que, polo contrario, deberán ser executados como se fosen completa e correctamente especificados nos planos e no PCTP.

### **1.6 DISPOSICIÓNS DE CARÁCTER XERAL E PARTICULAR.**

A tenor do disposto no artigo 109 do Real Decreto 3046/1977 de 6 de Outubro, polo que se articula parcialmente a Lei 41/1975 de Bases do Estatuto de Réxime Local, os contratos cuxo obxecto directo sexa a execución de obras a cargo de Entidades Locais, rexeranse polas normas contidas no citado Decreto e as súas disposicións regulamentarias e, supletoriamente, pola Lei de Contratos das Administracións Públicas e as restantes normas do Dereito Administrativo; en defecto deste último, sexan de aplicación as normas do Dereito Privado.

En consecuencia serán de aplicación as disposicións que, sen carácter limitativo, se sinalan a continuación:

- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Regulamentación das Corporacións Locais.
- Regulamento de Servicios das Corporacións Locais.
- Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de Novembro.
- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.
- Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a Contratación de Obras do Estado.
- Disposicións vixentes sobre protección á Industria Nacional, Seguridade e Saúde no Traballo, Traballo e Seguridade Social.
- Instrucción de Formigón estrutural EHE 08.
- Prego de Prescricións Técnicas Xerais para a recepción de cementos, vixente.
- Prego de Prescricións Técnicas Xerais para Obras de Estradas e Pontes da Dirección Xeral de Estradas e Camiños Veciñais PG-3/75.
- Norma 6.1-IC (Orde FON/3406/2003) Seccións de firme.
- Real Decreto 1627/1997 do 24 de Outubro relativo ó Estudio de Seguridade e Saúde no Traballo.

-Normas Técnicas españolas e estranxeiras ás que, explicitamente, se faga referencia no articulado deste PCTP, no PCTG ou en calquera outro documento de carácter contractual.

Cando exista algunha diferenza, contradición ou incompatibilidade entre algún concepto sinalado expresamente neste PCTP e o mesmo concepto sinalado nalgunha ou algunhas disposicións xerais relacionadas anteriormente, prevalecerá o disposto naquel salvo autorización expresa por escrito do Director da Obra.

## **CAPÍTULO 2. CONDICIÓN QUE DEBEN CUMPRIR OS MATERIAIS**

### **2.1 RECEPCIÓN DE MATERIAIS.**

Os materiais que haxan de construír parte integrante das unidades da obra definitiva, os que o Contratista empregue nos medios auxiliares para a súa execución, así como os materiais daquelas instalacións e obras auxiliares que total ou parcialmente haxan de formar parte das obras obxecto do proxecto, tanto provisionais como definitivas, deberán cumprilas especificacións establecidas no PCTX e neste PCTP.

O Director de Obra definirá, en conformidade coa normativa oficialmente vixente, as características daqueles materiais para os que non figuren especificacións correctas no PCTX ou neste PCTP, de forma que poidan satisfacer as condicións de funcionalidade e de calidade da obra a executar establecidas no Contrato.

O Contratista notificará á Dirección, coa suficiente antelación, a procedencia e características dos materiais que se propón utilizar, a fin de que o Director de Obra determine a idoneidade.

A aceptación das procedencias propostas será requisito indispensable para que o Contratista poida inicialo acopio ou utilización dos materiais da obra, sen perxuício da potestade do Director de Obra para comprobar en todo momento de manipulación, almacenamento ou acopio que dita idoneidade mantense.

Calquera traballo que se realice con materiais de procedencia non autorizada poderá ser considerado como defectuoso.

A calidade dos materiais que sexan almacenados ou acopiados deberá ser comprobado no momento da súa utilización para a execución das obras, mediante probas e ensaios correspondentes, sendo rexeitados os que nese momento non cumpran as prescricións establecidas.

Cando os materiais non fosen da calidade prescrita no PCTX ou neste PCTP, ou non tivesen a preparación en eles esixida, ou cando a falta de prescricións formales nos pregos recoñecese ou demostrase que non fosen adecuadas para o seu obxecto, o Director de Obra dará orde ó Contratista para que este, á súa custa, substitúalos por outros que cumpran as prescricións ou que sexan idóneos para o obxecto a que se destinen.

Os materiais rexeitados, e os que sendo unicamente aceptados sufriron deterioro posteriormente, deberán ser inmediatamente retirados da obra por conta do Contratista.

### **2.2 CONDICIÓN PARA OS MATERIAIS.**

#### **2.2.1. Materiais básicos.**

Os materiais básicos a empregar en obra cumprarán co prescrito nos seguintes artigos do PG-3.

- Cal (artigo 200).
- Cementos (artigo 202).
- Betumes asfálticos (artigo 211).
- Betumes asfálticos fluidificados (artigo 212).
- Emulsións asfálticas (artigo 213).

- Barras corrugadas para formigón estrutural (artigo 240).
- Mallas electrosoldadas (artigo 241).
- Auga a empregar en morteiros e formigóns (artigo 280).
- Madeira (artigo 286).

### 2.2.2. Tubos de formigón en masa.

Consideranse tubos de formigón en masa aqueles tubos de formigón que non dispoñen de armadura resistente a efectos de cálculo mecánico e cúa presión máxima de traballo non exceda dun kilopondio por centímetro cadrado ( $1 \text{ Kp/cm}^2$ ).

Enténdese por presión máxima de traballo dun tubo á suma da máxima presión de servizo mais a sobrepresión.

Tamén terán a consideración de tubos de formigón en masa os que conteñan unha armadura lixeira, para evitar cachas no transporte e fisuracións, e sempre que a armadura non sexa necesaria como resultado do cálculo mecánico do tubo.

#### 2.2-2.1. Definicións.

**Diámetro nominal:** Diámetro interior teórico do tubo, en milímetros, sen ter en conta as tolerancias, declaradas polo fabricante

**Lonxitude total:** Distancia entre os dous planos perpendiculares ó eixo do tubo, que pasan polos puntos finais de cada un dos extremos do tubo.

**Lonxitude útil:** Lonxitude total do tubo menos a lonxitude da entrega do enchufe ou espiga, na campá ou na caixa segundo trátase de tubos con xunta de enchufe e campá ou de xunta agargalada, respectivamente. Nos tubos con xuntas a tope, é igual á lonxitude total do tubo.

**Espesor nominal:** É o espesor de parede declarado polo fabricante.

#### 2.2-2.2. Normativa Técnica.

Os tubos para saneamento cumprirán as condicións fixadas no "Prego de Prescricións Técnicas Xerais para Tubos de Saneamento de Poboacións" do MOPU.

Os formigóns e os seus compoñentes elementais cumprirán as condicións da "Instrucción para o Proxecto e Execución de obras de Formigón en Masa ou Armado" vixente.

#### 2.2-2.3. Clasificación.

Os tubos de formigón en masa clasifícanse en catro series denominadas A, B, C e D, caracterizadas pola resistencia do tubo ó esmagamento, expresada en Kilopondios por metro cadrado ( $\text{Kp/m}^2$ ). A característica resulta de dividi-lo valor mínimo da forza que causa a cacha do tubo no ensaio de esmagamento, polo diámetro nominal e pola lonxitude útil do tubo.

Os valores característicos das series normalizadas son:

SERIE A	4000 $\text{kp/m}^2$
SERIE B	6000 $\text{kp/m}^2$
SERIE C	9000 $\text{kp/m}^2$
SERIE D	12000 $\text{kp/m}^2$

A carga lineal, aplicada sobre a xeratriz do tubo no ensaio de esmagamento, que deben resistir tódolos tubos será, como mínimo, de mil cincocentos kilopondios por metro ( $1.500 \text{ Kp/m}$ ).

No seguinte cadro figuran os valores da carga lineal mínima que deben de resisti-los tubos, sen experimentar dano algún, expresada en  $\text{Kp/m}$ , para as distintas series e diámetro normalizados.

**TUBOS DE FORMIGÓN EN MASA**  
**CARGA LINEAL MÍNIMA NO ENSAIO DE ESMAGAMENTO**

DIÁMETRO N M/m	SERIE A 4000Kp/m <sup>2</sup>	SERIE B 6000/Kpm <sup>2</sup>	SERIE C 9000kp/m <sup>2</sup>	SERIE D 12000kp/m <sup>2</sup>
150	1.500	1.500	1.500	1.800
200	1.500	1.500	1.800	2.400
250	1.500	1.500	2.500	3.000
300	1.500	1.800	2.700	3.600
350	1.500	2.100	3.150	4.200
400	1.600	2.400	3.600	4.800
500	2.000	3.000	4.500	6.000
600	2.400	3.600	5.400	7.200
700	2.800	4.200	6.300	8.400
800	3.200	4.800	7.200	9.600

- Os diámetros de 700 e 800 m/m levan unha armadura lixeira.
- Polo procedemento de fabricación, os tubos de formigón en masa clasifícanse en:
  - Tubos de formigón en masa vibro-pensado.
  - Tubos de formigón en masa centrifugado.
- Pola conformación dos extremos os tubos de formigón en masa clasifícanse nos tres tipos seguintes:
  - Tubos de enchufe e campá ou copa.
  - Tubos de xunta agargalada.
  - Tubos con extremos planos.

#### 2.2-2.4.Utilización dos tubos de formigón en masa

Os tubos de formigón en masa para conducción de auga, soamente se empregarán en tubos cuxa máxima presión de traballo non sexa maior dun kilopondio por centímetro cadrado (1 kp/cm<sup>2</sup>), denominados tubos sen presión.

As modalidades de uso dos tubos de formigón en masa poden clasificarse nas seguintes:

- Tubos de saneamento (augas residuais ou mixtas).
- Tubos de desaugue (augas non residuais).
- Tubos de drenaxe a xunta aberta.
- Conductos para aloxamento doutros tubos, conduccións, cables e outras instalacións lineais.
- Tubos como encofrado perdido.

O maior diámetro admisible nos tubos de formigón en masa, sen armadura de ningunha clase, será de 600 milímetros.

#### **Materiais.**

Os formigóns e os seus compoñentes elementais, cumprirán as condicións da "Instrucción de Hormigón Estructural EHE".

Tanto nos tubos centrifugados como nos vibrados, a resistencia característica á compresión do formigón debe ser superior á de cálculo cadrado (275Kp/cm<sup>2</sup>) ós vinteito (28) días, en probeta cilíndrica. A resistencia característica defínese na "EHE".

Nos casos de tubos situados en ambientes agresivos ou que transporten augas residuais, empregaranse cementos resistentes ó ataque químico, tales como cementos resistentes ó xeso P-35-E ou P-45-E, os cementos puzolánicos, os cementos aluminosos e os cementos siderúrxicos. O tipo de cemento elixirase convenientemente segundo a natureza e nocividade dos axentes agresivos.

2.2-2.5. Características xeométrica

## a). Diámetros dos tubos.

Os diámetros nominais dos tubos de formigón en masa axustaranse ós valores que figuran no cadro anteriormente exposto.

O diámetro nominal dos tubos da rede de saneamento non será inferior a 300 mm. Para usos complementarios (acometidas, etc.) poderanse utilizar tubos de diámetros menores.

As desviacións máximas admisibles para o diámetro interior respecto ó diámetro nominal serán as que sinala a seguinte táboa:

Diámetro nominal (m/m)	Tolerancia (m/m)
200-250	+3
300-400	+4
500	+5
600	+6
700-800	+7

En todo caso, o termo medio dos cinco valores do mínimo diámetro interior de cada unha das cinco seccións transversais que resultan de dividi-lo tubo en catro tramos de igual lonxitude, non debe ser inferior ó diámetro nominal do tubo.

## b). Lonxitude dos tubos.

A lonxitude dos tubos, pertencentes a un mesmo subministro, será constante. Non se permitirán lonxitudes superiores a dous metros e medio (2,50 m). A tolerancia na lonxitude útil dos tubos será como máximo + 2% da súa lonxitude nominal.

## c). Desviación de liña recta.

A lonxitude útil dos tubos, pertencentes a un mesmo subministro, será constante. Non se permitirán lonxitudes superiores a dous metros e medio (2,50 m). A tolerancia na lonxitude útil dos tubos será como máximo +2% da súa lonxitude nominal.

## d). Espesores.

O espesor da parede dos tubos será como mínimo o necesario para que o tubo resista a carga por metro lineal que corresponda segundo o cadro anteriormente exposto, no ensaio de esmagamento.

O fabricante fixará e especificará documentalmente o espesor de parede para cada serie e diámetro.

Non se admitirán diminucións de espesor superiores ó maior dos dous valores seguintes:

- 5% do espesor do tubo que figura en catálogo
- 3 milímetros.

## e). Rematado.

A superficie interior de calquera elemento será lisa, non podendo admitir outros defectos de regularidade que os de carácter accidental ou local que poden dentro das tolerancias prescritas e que non representen ningunha mingúa da calidade nin da capacidade de desaugue.

## f). Acopio.

A manipulación e acopio dos tubos deberán efectuarse de maneira que as tensións producidas nestas operacións non superen o 35% da resistencia característica do formigón nese momento, nin o 50% da tensión máxima que corresponda á carga de esmagamento establecida no cadro anterior.



#### 2.2-2..5.1.Recepción

Os ensaios e verificacións os que puideran ser sometidos os tubos de formigón en masa, para comproba-las características esixidas son:

Comprobación de aspecto

Comprobación xeométrica

Ensaio de estanqueidad

Ensaio de esmagamento

Ensaio de flexión lonxitudinal

Os ensaios anteriores realizaranse de acordo cos métodos descritos nos apartados 3.4, 3.6 e 3.7 do "Pliego de Prescripciones Tecnicas Generales para Tuberías de Abastecimiento de Agua" do MOPU, respectivamente.

Os ensaios realizaranse sobre mostras tomadas de lotes de ensaio ou fracción de lote.

Cada lote estará formado por 500 unidades do mesmo diámetro. Cando unha mostra non satisfaga unha proba, repetirase esta mesma sobre dúas mostras máis do lote ensaiado. Se tamén erra unha destas probas, rexeitarase o lote ensaiado, aceptándose se o resultado de ambas é bo.

Estes ensaios, no caso de que o Director de Obra considéreo oportuno, poderán substituírse por un certificado no que se garanta o cumprimento das probas.

### **CAPÍTULO 3. CONDICIÓN** **QUE DEBEN CUMPRIR AS UNIDADES DE OBRA BÁSICAS**

#### **3.1 OBRAS DE FORMIGÓN EN MASA OU ARMADO.**

##### **3.1.1. Definicións.**

Defínense como formigóns os produtos formados por mestura de cemento, auga, árido fino, árido groso e eventualmente produtos de adición que, ó fraguar e endurecer, adquiren unha notable resistencia, e que poden ser compactados en obra mediante picado ou vibrado.

Defínense como obras de formigón en masa ou armado, aquelas nas cales se utiliza como material fundamental o formigón, reforzado no seu caso con armaduras de aceiro que colaboran co formigón para resisti-los esforzos.

Atópanse expresamente excluídas as estruturas pretensadas e mixtas, e as obras que empregan formigóns de características especiais ou armaduras con límite elástico superior a 6.100 Kp/cm<sup>2</sup>.

Para o seu emprego nas distintas clases de obra estarase en acordo co artigo 39.2 da "EHE"

Na cal os números indican a resistencia característica especificada do formigón a compresión ós vinte e oito días expresada en N/mm<sup>2</sup>.

##### **3.1.2. Normativa técnica.**

As obras de formigón en masa ou armado cumprirán as condicións fixadas na vixente "EHE".

##### **3.1.3. Materiais.**

###### 3.1-3.1.Cemento.

O cemento cumprirá as condicións indicadas no Prego RC-08 e na Instrucción EHE.

###### 3.1-3.2.Auga.

En xeral, poderán ser utilizadas, tanto para o amasado como para o curado do formigón en obra, tódalas augas sancionadas como aceptables pola práctica.

Cando non se posúan antecedentes da súa utilización, ou en caso de dúbida, deberán analizarse as augas e, salvo xustificación especial de que non alteran prexudicialmente as propiedades esixibles ó formigón, deberán rexeitarse as que non cumpran as condicións sinaladas na "EHE".

### 3.1-3.3. Árido fino.

Enténdese por árido fino ou area ou fracción do mesmo que pasa polo cribo 5 UNE. Como áridos para fabricación de formigóns poden empregarse areas e gravas de xacementos naturais, rochas.

Machucadas, escorias siderúrxicas axeitadas ou outros produtos cuio emprego estea debidamente xustificado a xuízo do Director de Obra.

Cando non se teñan antecedentes estendidos nun prazo de tempo suficiente a xuízo do Director de Obra, deberá comprobarse o cumprimento das limitacións indicadas na "EHE", que deben entenderse como suficientes, aínda que non sempre necesarias en tódolos casos.

### 3.1-3.4. Árido groso.

Enténdese por árido groso ou grava ou árido ou fracción do mesmo retido polo cribo 5 UNE. Como áridos para fabricación de formigóns poden empregarse areas e gravas formigóns poderán empregarse gravas de xacementos naturais, rochas machucadas e outros produtos cuxo emprego este debidamente xustificado, a xuicio do Director de Obra.

### **3.1.4. Fabricación, execución e posta en obra**

Rexerá o indicado ó respecto no artigo 610 do "PG-3" a Instrucción "EHE"

### **3.1.5. Tolerancias**

As tolerancias refírense ás estruturas antes de retira-los apeos; non se teñen en conta as frechas nin as contrafrechas do cálculo e, en xeral, as tolerancias non se refíren ás variacións debidas ó transcurso do tempo e á temperatura. Salvo que o Director indique outra cousa, as tolerancias establecidas seguidamente son aplicables a tódalas obras de formigón de carácter xeral.

#### - Cimentacións:

- a). Posición en planta: +2 por 100 do ancho neste sentido, pero non superior a 50 mm.
- b). Dimensións no plano: + 30 mm
- c). Variación do nivel da cara superior: + 20 mm
- d). Variación do nivel da cara inferior: + 30
- e). Variación do canto: + 0,50 h > 50 mm

#### - Superestrutura:

- a). Posición no plano (distancia á liña de referencia máis próxima).
- b). Verticalidade (sendo h a altura básica):
  - $h < 0,50 \text{ m} + 5 \text{ mm}$
  - $0,50 \text{ m} < h < 1,50 \text{ m} + 10 \text{ mm}$
  - $1,50 \text{ m} < h < 3,00 \text{ m} + 15 \text{ mm}$
  - $3,00 \text{ m} < h < 10,00 \text{ m}$
  - $h > 10,00 \text{ m} + 0,002 h$
- c). Dimensións transversais e lineais:
  - $L < 0,25 \text{ m} + 5 \text{ mm}$
  - $0,25 \text{ m} < L < 0,50 \text{ m} + 10 \text{ mm}$
  - $0,50 \text{ m} < L < 1,50 \text{ m} + 12 \text{ mm}$
  - $1,50 \text{ m} < L < 3,00 \text{ m} + 15 \text{ mm}$
  - $3,00 \text{ m} < L < 10,00 \text{ m} + 20 \text{ mm}$
  - $L > 10,00 \text{ m} + 0,002 L$

- d). Dimensións totais da estrutura:  
 $L < 15,00 \text{ m} + 15 \text{ mm}$   
 $15,00 \text{ m} < L < 30,00 \text{ m} + 30 \text{ mm}$   
 $L > 30,00 \text{ m} + 0,001L$
- e). Rectitude:  
 $L < 3,00 \text{ m} + 10 \text{ mm}$   
 $3,00 \text{ m} < L < 6,00 \text{ m} + 15 \text{ mm}$   
 $6,00 \text{ m} < L < 10,00 \text{ m} + 20 \text{ mm}$   
 $10,00 \text{ m} < L < 20,00 \text{ m} + 30 \text{ mm}$   
 $L > 20,00 \text{ m} + 0,00015 L$
- f). Alabeo (sendo L a diagonal do rectángulo):  
 $L < 3,00 \text{ m} + 10 \text{ mm}$   
 $3,00 \text{ m} < L < 6,00 \text{ m} + 15 \text{ mm}$   
 $6,00 \text{ m} < L < 12,00 \text{ m} + 20 \text{ mm}$   
 $L > 12,00 \text{ m} + 0,002 L$
- g). Diferencia de nivel respecto á superficie superior ou inferior máis próxima:  
 $h < 3,00 \text{ m} + 10 \text{ mm}$   
 $3,00 \text{ m} < h < 6,00 \text{ m} + 12 \text{ mm}$   
 $12,00 \text{ m} < h < 20,00 \text{ m} + 20 \text{ mm}$   
 $h > 20,00 \text{ m} + 0,001 L$
- h). Paramentos.  
 Superficies vistas: 6 mm  
 Superficies ocultas: 25 mm

Medida respecto a unha regra de dous metros (2 m) de lonxitude, aplicada en calquera dirección; nos paramentos curvos mediranse cun escantillón de 2 cm, cúa curvatura sexa a teórica.

### 3.1.6. Reparación de defectos.

Os defectos que poidan producirse ó formigonar deberán ser reparados, previa aprobación do Director, tan pronto como sexa posible, saneando e limpando as zonas defectuosas. En xeral, e co fin de evita-lo cor máis escuro das zonas reparadas, poderá empregarse para a execución do formigón ou morteiro de reparación unha mestura adecuada do cemento empregado co cemento portland branco.

As zonas reparadas deberán curarse rapidamente. Se é necesario, protexeranse con lienzos ou arpilleras para que o risco non prexudique o rematado superficial desas zonas.

### 3.1.7. Control de calidade.

#### 3.1-7.1. Control de compoñentes do formigón.

Axustarase ó indicado para cada compoñente na Instrucción "EHE".

#### 3.1-7.2. Control de calidade do formigón.

O control da calidade do formigón amasado estenderase normalmente á súa consistencia e á súa resistencia con independencia da comprobación do tamaño máximo do árido, ou doutras características expresadas neste Prego.

Este control da calidade do formigón realizarase de acordo co indicado nos apartados seguintes deste artigo.

Control da consistencia do formigón.

A consistencia será a especificada nos planos do Proxecto, ou a indicada no seu momento polo Director, coas tolerancias que a continuación detállanse:

Tipo de consistencia	Tolerancia en cm
Seca	0
Plástica	+ 1
Branda	+ 1
Fluída	+ 2

Sempre que se fabriquen probetas para controla-la resistencia e nos casos previstos de control reducido ou cando o ordene o Técnico-Director determinárase o valor de consistencia, mediante o cono de Abrams, de acordo coa norma UNE-83. O non cumprimento das especificacións implicará o rexeito automático da amasada correspondiente e a corrección da dosificación.

Control da resistencia do formigón.

Independentemente dos ensaios de control de materiais compoñentes e da consistencia do formigón a que se refiren os apartados anteriores e dos que poida prescribi-lo Técnico-Director, os ensaios para o control da resistencia do formigón con carácter preceptivo son os indicados na Instrucción "EHE".

### 3.1-7.3.Control da calidade do aceiro.

Realizarase segundo o previsto a Instrucción "EHE".

### 3.1-7.4.Control de execución.

O control da execución ten por obxecto garanti-lo cumprimento das prescricións xerais deste Prego.

Corresponde á Dirección de Obra a responsabilidade da realización do control de execución, o cal se adecuará necesariamente, ó nivel correspondente, en función do valor adoptado para a maioración das accións no Proxecto, e dos danos previsibles en caso de accidente a "EHE".

O desenrolo do control de execución axustarase ó indicado na Instrucción "EHE".

### 3.1-7.5.Penalizacións.

Establécense as seguintes penalizacións para a parte de obra de formigón que sexa aceptada e que presente defectos de resistencia e/ou de espesor.

Estas penalizacións aplicaranse en forma de dedución afectando ó volume de obra defectuoso.

#### a) Por defecto de resistencia

- Para  $0,9 f_{ck} < f_{est} < f_{ck}$

$$Pl = \left( 1,05 - \frac{f_{est}}{F_{ck}} \right) \cdot p$$

- Para  $0,7 f_{ck} < f_{est} < 0,9$

$$Pl = \left( 1,95 - 2 \frac{f_{est}}{F_{ck}} \right) \cdot p$$

#### b) Por defecto de espesor $E_m < E_p$

$$P2 = \left( 2,05 - 2 \frac{E_m}{E_p} \right) \cdot p$$

Sendo:

Pl e P2 = Penalización unitaria en Euros/m<sup>3</sup>

P = Prezo unitario do formigón en Euros/m<sup>3</sup>

Em = Espesor medio real

Ep = Espesor de proxecto

### **3.2 DESBROCE E LIMPEZA DO TERREO.**

A unidade de obra despexe e desbroce do terreo consiste en extraer e retirar da zona de escavación da capa superior dos terreos cultivados ou con vexetación.

#### **3.2.1. Execución das obras.**

As superficies que ocupadas polas construcións permanentes deste Proxecto, zonas de préstamos e zonas de acopios de materiais que, a xuízo do Técnico-Director sexa preciso, limpanse de árbores, tocos, plantas, maleza, broza, madeiras caídas, escombros, lixo ou calquera outro material indesexable, así como a capa superior dos terreos cultivados ou con vexetación.

Ninguha árbore, nin material situado fóra das zonas mencionadas será cortado sen autorización escrita expresa e todos aqueles que sinale o Técnico-Director deberán ser protexidos coidadosamente durante a construción.

Tódolos tocos e raíces maiores de dez centímetros (10 cm) de diámetro serán eliminados ata unha profundidade non inferior a cincuenta centímetros (50 cm) por debaixo da explanada, nin menor de quince (15 cm) baixo a superficie natural do terreo. Fóra da explanación os tocos poderán deixarse cortados a ras de solo.

O espesor a escavar para a extracción da terra vexetal será o fixado nos planos ou documentos do Proxecto ou o ordeado polo Director.

Tódalas oquedades causadas pola extracción de tocos e raíces reencheranse con material análogo ó solo que quedou ó descuberto ó face-lo desbroce e compactaranse ata que a superficie axústese á do terreo existente.

Tódolos pozos e buratos que queden dentro da explanación reencheranse conforme ás instrucións que, ó respecto, indique o Director.

#### **3.2.2. Control e criterios de aceptación e rexeito.**

##### 3.2-2.1. Control de execución.

O control de execución ten por obxecto vixiar e comprobar que as operacións nesta unidade axústanse ó especificado no Prego e ó indicado polo Director durante o transcurso da obra.

Dadas as características das operacións, o control efectuarase mediante inspección ocular.

##### 3.2-2.2. Control xeométrico.

O control xeométrico ten por obxecto comprobar que as superficies desbrozadas axústanse ó especificado nos Planos e ó que sobre o particular ordene o Enxeñeiro Director.

A comprobación efectuarase de forma aproximada con mira ou cinta métrica de 30 m.

As irregularidades deberán ser corrixidas polo Contratista. Serán a cargo, asimesmo, os posibles danos ó supera-lo área sinalada.

### **3.3 EXCAVACIÓN DA EXPLANACIÓN E PRÉSTAMOS.**

Comprende o conxunto de operacións para escavar e nivela-las zonas onde asentarse a estrada, incluíndo plataforma, noiros e gabias, así como as zonas de préstamos previstos ou autorizados que poidan precisarse e o conseguente transporte dos produtos remexidos a depósito ou lugar de emprego, así como a ampliación das trincherras e mellora de noiros e desmontes ordenados polo Técnico-Director das obras e a escavación adicional en solos non adecuados.

As escavacións poden clasificarse en:

- a) -Escavacións en rocha que corresponde a masas de rochas, depósitos estratificados e materiais que presentan características de rocha maciza que unicamente poidan ser escavados utilizando explosivos.
- b) -Escavación en terreo de tránsito, que corresponde ós materiais formados por rochas descompostas, terras moi compactas e todos aqueles que para a súa escavación non sexa preciso o uso de explosivos e sexa precisa a utilización de escarificadores fondos e pesados
- c) -Escavación en terra, correspondente ós materiais non incluídos nos apartados anteriores.

### **3.3.1. Condicións de execución das obras.**

As obras de escavación axustaranse ás aliñacións, pendentes, dimensións e demais información contida nos Planos e Prego e ó que sobre o particular ordene o Director.

A terra vexetal que se atope nas escavacións, non extraída no desbroce remexeráse e acopiarase, para o seu emprego en protección de noiros, separada do resto dos produtos escavados.

Tódolos materiais que se obteñan da escavación utilizaranse na formación de recheos ou ampliación de terrapléns se así o autoriza o Director, non desbotándose ningún material escavado sen a súa previa autorización.

Os fragmentos de rocha ou bolos de pedra que se obteñan da escavación empregaranse na protección de noiros ou canalizacións de auga. As rochas ou bolos de pedra que aparezan na explanada en zonas de desmonte en terra deberán eliminarse, a menos que o Contratista prefira trituralos ó tamaño que se lle ordene.

As zanzas e gabias escavaranse, axustándose ós perfís transversais e rasantes fixadas nos Planos.

A escavación dos noiros realizarase adecuadamente para non dana-lo seu superficie, evita-la descomprensión prematura ou excesiva do seu pie ou impedir calquera outra causa que poida compromete-la estabilidade da escavación final, a inclinación será a sinalada nos planos ou que marque o Director de Obra, o rematado será suave, uniforme e totalmente acorde coa superficie do terreo e a estrada.

### **3.3.2. Control e criterio de aceptación ou rexeito.**

#### **3.3-2.1. Control de execución**

O control de execución ten por obxecto vixiar e comprobar que as operacións incluídas nesta unidade axústanse ó especificado no Prego.

Os resultados deberán axustarse ó Prego e ó indicado polo Enxeñeiro Director durante o transcurso da obra.

#### **3.3-2.2. Control xeométrico**

O seu obxecto é a comprobación xeométrica das superficies resultantes da escavación rematada en relación cos planos. Comprobaranse as cotas de replanteo do eixo, bordos da explanación e pendente de noiros, con mira, cada 20 m. como mínimo.

As irregularidades que excedan das tolerancias admitidas deberán ser corrixidas polo Contratista e no caso de exceso de escavación non se computarán a efectos de medición e abono.

### **3.4 ESCAVACIÓNS PARA OBRAS DE FÁBRICA.**

Comprende o conxunto de operacións necesarias para escavar, nivelar e evacuar do terreo e, o conseguinte transporte dos produtos remexidos na construción de sumidoiros, taxears, obras de paso, drenaxes e muros, a depósito ou lugar de emprego .

Nestes traballos están incluídas as operacións de drenaxe, entibación e limpeza do fondo das escavacións.

### **3.4.1. Execución das obras.**

Unha vez efectuado o replanteo das zonas escavadas o Director autorizará a iniciación das obras de escavación. Esta continuará ata chegar á profundidade sinalada nos planos e obterse unha superficie asine e limpa, a nivel ou graduada, segundo ordénese. Non obstante, o Director poderá modificar tal profundidade se, á vista das condicións do terreo estímase necesario a fin de asegurar unha cimentación satisfactoria.

Tamén estará obrigado o Contratista a efectuar a escavación de material inadecuado para a cimentación satisfactoria.

O contratista realizará a escavación en zanja utilizando os métodos e os equipos de maquinaria adecuados para executar as obras, nos prazos sinalados no Programa de Traballos aprobado, e coa calidade esixida nesta Prego. Antes de iniciar escavacións o Contratista estará obrigado a someter á aprobación do Director o programa de escavacións, os métodos que vai seguir e os equipos de maquinaria a empregar.

Protexeranse os elementos de Servicio Público que poidan ser afectados pola escavación.

Cando a cimentación descansa sobre material cohesivo, a escavación dos derradeiros trinta centímetros (30 cm) non se efectuará ata momentos antes de construír aquela.

Os sobreanchos de escavación necesarios para a execución da obra deberán ser aprobados, en cada caso polo Director.

O fondo e paredes laterais das escavacións rematadas terán a forma e dimensións esixidas nos Planos, coas modificacións debidas ós excesos inevitables autorizados e deberán refinarse ata conseguir unha diferenza inferior a cinco centímetros (+ 5 cm) respecto das superficies teóricas.

### **3.4.2. Control e criterio de aceptación e rexeito.**

#### **3.4-2.1. Control de execución**

O control de execución ten por obxecto vixiar e comprobar que as operacións incluídas nesta unidade axústanse ó especificado.

Os resultados deberán axustarse ó Prego e ó indicado polo Director durante o transcurso da obra.

#### **3.4-2.2. Control xeométrico**

O seu obxecto é comprobar que o fondo e as paredes laterais das escavacións rematadas teñen a forma e dimensións esixidos nos Planos, coas variacións debidas ós excesos inevitables autorizados.

As irregularidades que superan as tolerancias admitidas deberán ser refinadas polo Contratista e a súa custa de acordo coas indicacións do Director.

### **3.5 TERRAPLÉNS.**

Defínense como obras de terraplén a extensión e compactación de solos procedentes das escavacións, ou préstamos, en áreas abertas de tal forma que na súa maior parte permiten o uso de maquinaria de transporte, estendido e compactación de elevado rendemento. A súa execución inclúe as operacións seguintes:

1. Preparación da superficie de asentamento do terraplen
2. Extensión dunha tonga
3. Humectación ou desacatación dunha tonga
4. Compactación dunha tonga

Estas tres últimas, reiteradas tantas veces sexa preciso.

### 3.5.1. Materiais.

Os materiais a empregar en terrapléns serán solos ou materiais locais que se obterán das escavacións realizadas na obra ou dos préstamos que se definan nos planos ou autorícense polo Director das obras.

Os materiais a empregar nos terrapléns, a excepción dos que formen parte dos 50 cm. superiores, non conterán máis dun vintecinco por cento (25 %) en peso, de pedras cuio tamaño exceda de quince centímetros (15 cm)

O seu límite líquido será inferior a coarentae ( $LL < 40$ ) ou simultaneamente límite líquido menor de sesenta e cinco ( $LL < 65$ ) e índice de plasticidade maior de seis décimas de límite líquido menos nove:

$$I_p < (0,6 LL - 9)$$

A densidade máxima correspondente ó ensaio Proctor Normal non será inferior a un kilogramo catrocentos cincuenta gramos por decímetro cúbico ( $1,450 \text{ Kg/dm}^3$ ).

O índice CBR será superior a cinco (5) e o inchamento medido en dito ensaio será inferior ó dous por cento (2%).

#### Execución das obras

Os equipos de estendido, humectación e compactación serán suficientes para garanti-la execución da obra de acordo coas esixencias do presente Artigo.

Se o terraplén é de altura inferior ó metro, unha vez limpa a superficie de todo elemento vexetal, se escarificará o terreo nunha profundidade de 15 cm. que se apisonarán do mesmo xeito que o resto do terraplén. Nos terrapléns de altura superior a 1 metro non é necesario escarificar e abondará limpa-la superficie de todo elemento vexetal. Nos desmontes procederase do mesmo xeito que nos terrapléns de pouca altura, é dicir, se escarificará ata unha profundidade mínima de quince centímetros (15 cm) baixo a base do firme e volverase a compactar da mesma forma que a capa superior do terraplén.

Unha vez preparado o cimento do terraplén procederase á construción do mesmo por tongadas, estenderanse con espesor uniforme en xeral non superior a vintecinco (25 cm) antes de compactar e sempre o suficientemente reducido para que, cos medios dispoñibles, obtéñase a compactación esixida. Cada tongada deberá compactarse co grao de humidade necesario para conseguila compactación esixida.

Os terrapléns executaranse cando a temperatura ambiente á sombra sexa superior a dous graos centígrados ( $2^\circ\text{C}$ ), debendo suspenderse os traballos cando a temperatura descenda por debaixo de dito límite.

### 3.5.2. Control e criterios de aceptación e rexeito.

Os materiais obxecto do control nesta unidade de obra serán os seguintes:

1. Materiais que a constitúen.
2. Extensión.
3. Compactación.
4. Xeometría.

En obras pequenas, sistemáticas ou singulares, así como nas que estime conveniente o Director de Obra, poderanse modificar xustificadamente as materias obxecto de control, as frecuencias e os tipos de controis que se establecen para elas a continuación.

#### 3.5-2.1. Control de materiais.

Ten por obxecto comprobar que o material a utilizar cumpre o establecido nos Pregos de Condicións Técnicas, tanto no lugar de orixe como no emprego, para evita-las alteracións que poidan producirse como consecuencia das operacións de extracción, carga, transporte e descarga.



**a) Procedemento:**

O control dos materiais a empregar en terrapléns levarase a efecto mediante o seguinte procedemento.

**a.1. No lugar de procedencia:**

Comprobar a retirada da montera de terra vexetal antes do comezo da explotación dun desmorte ou préstamo.

Comprobar a explotación racional do fronte e, no seu caso, a exclusión das vetas non utilizables.

Tomar mostras representativas, de acordo co criterio do Director, do material escavado en cada desmorte ou préstamos para efectua-los seguintes ensaios:

Por cada 1.000 m<sup>3</sup> de material

1 Proctor normal

Por cada 5.000 m<sup>3</sup> de material:

1 Granulométrico.

1 Determinación de límites de Atterberg.

Por cada 10.000 m<sup>3</sup> de material:

1 CBR de laboratorio

1 Determinación de materia orgánica.

**a.2 No propio tallo ou lugar de emprego:**

Examinar os montóns procedentes da descarga de camións, desbotando de entrada aqueles que, a simple vista, presenten restos de terra vexetal, materia orgánica ou bolos de maior tamaño que o admitido como máximo e sinalando aqueles outros que presenten anomalía en canto ó aspecto que debe te-lo material que chega a obra das procedencias aprobadas, tales como distinta colocación, exceso de plasticidade, etc.

Tomar mostras dos montóns sinalados como sospeitosos para repeti-los ensaios efectuados no lugar de procedencia.

**b) Interpretación dos resultados:**

